

**EVELYN. UNIDADE DIDÁCTICA**

A directora **Isabel de Ocampo** debutou na longametraxe con esta dura película que se interna na corrupción moral dos abusadores, extorsionadores e toda clase de **individuos antisociais** que non respectan os dereitos básicos dos demais. E comeza por debuxar **unha paisaxe que non funciona**, pois para asegurarnos tres comidas diarias debemos cruzar o océano. Unha **obriga antinatural** en todo caso. Malia todo, **habitamos o planeta da desigualdade** no que o 1 % da súa poboación case concentra o 100 % da riqueza. Polo tanto, parece inevitable que moitas persoas decidan fuxir da penuria para aloumiñar certo confort ás portas da vella Europa. En moitos casos son **mulleres** que intúen ilusións e melloras, **sen sospeitaren a trampa da escravitude**, disfrazada de vida prometedora. Sen sabelo, traspasarán o soleira dun labirinto, entre garras de depredadores que as reducirán a **mercadorías sexuais**. Resulta doado describir o **proceso de destrución psicolóxica** padecido: son secuestradas, illadas, explotadas e **borradas das súas propias vidas**. E parece misión imposible desfacer as redes internacionais tecidas nunha **arañeira de parasitos**, que nestas vítimas atopan un lucrativo negocio.

Daquela, parécevos irresoluble esta traxedia?

---



---



---



---



---




---



---



---



Claramente existen individuos neste submundo que amenazan, intimidan, extorsionan e agriden a estas mulleres. Posúen unha **personalidade antisocial** tendente á crueldade física e psicolóxica contra persoas especialmente vulnerables. **Como son? Sen** sentimentos de culpa e de lealdade. **Con ausencia de remordemento** que cursa cunha **indiferenza** patolóxica cara ás vítimas das súas agresións, atracos, roubos, violacións... **Incumpren** as normas sociais reguladas polas leis. E **parasitan**, ao actuar segundo as súas exclusivas necesidades (iso explica que sexan **perfectos proxenetas**).

Logo desta descrición, tedes máis clara a **degradación** destes «monstros»?

---



---



---

Poderíades advertir destes perigos as **mulleres** especialmente **desprotexidas** e en risco de exclusión social?

---



---



---

Fíxate nos seguintes datos publicados no xornal **ABC** o **26/08/2017**:

**«Está moi de moda iso de ir de putas para celebrar os 18.»**

Que pensades ao saber que moitos varóns novos frecuentan estes hábitos?

---



---



---



«É un xeito doado e rápido de ter sexo», afirma Pablo, cuxo nome real agocha para manter o anonimato. Este cliente esporádico explica que a primeira vez que pagou polos servizos dunha meretriz foi «para experimentar» e desde aquela acudiu algunhas veces ao prostíbulo. Aniversarios, celebracións, exames finais..., **calquera escusa vale** para o sexo pagado nas noites de festa cos amigos.

«Está moi de moda iso de ir de putas para celebrar os 18», comenta **Patricia Barranco**, da Fundación Amaranta. «As novas tecnoloxías favorecen que os mozos vexan a prostitución como unha forma de lecer», engade María Magdalena Alomar, educadora social de Casal Petit.

**Supervivente** é a palabra que Elena leva tatuada no seu pulso. Esta **vítima da explotación sexual** lembra que, ao pouco de chegar a España desde Romanía, e con 18 anos, era obrigada a dar servizo a unha **media de 25 homes cada día**:

**«É unha violación pagada.»**

Elena foi atrapada ao cruzarse na súa vida o noivo da súa irmá. «Non me puxo unha pistola na testa, pero **obligoume**», recorda xa liberada, tras anos de explotación en bordes de Düsseldorf, Madrid, Granada, Barcelona, Valladolid e Mallorca.

**Pode ser un camiño sen retorno?**

---



---



---



---

Logo deste testemuño: que reformas legais deberían acometer os **Estados** nas súas **políticas sociais**?

---



---



---



---

Onde e en quen situades a **responsabilidade desta actividade criminal**?

---



---



---



---

**MOITAS GRAZAS**

## UNIDADE DIDÁCTICA. OS NENOS DO ARRABALDE VERMELLO



### PRESENTACIÓN O VALOR DA LUZ

Quizais esquecemos o que representa o visor dunha cámara. Pero pode irrigar de **clorofila** algunhas existencias. Seguramente hai pouca en Calcuta, aínda menos no seu arrabalde vermello, e nada entre as cativas que o moran. **Como reverter isto?** Créndoo irresoluble?

Zana Briski pasou á acción. Estas nenas emprestáronlle outras olladas a cambio dunhas sinxelas cámaras: atoparon fíos de luz en recantos ou **na perigosa pendente da penumbra**. Afeitadas á ameaza, decidiron impor as súas células onde nin se sabía delas: desafiando o monstro e a maldición.

### SINOPSE

As persoas máis estigmatizadas do **barrio vermello de Calcuta** non son as **prostitutas**, senón **as súas fillas** e fillos. Nenos e **nenas que viven rodeados de pobreza, abusos e con poucas posibilidades** de saíren do destino das súas nais ou de albiscar outra vida. Os directores deste documental (**Zana Briski** e **Ross Kauffman**) amosan a abraiante transformación destes pequenos.

**Zana Briski**, unha fotógrafa profesional, decide ensinarlles fotografía. Lévalles cámaras co desexo de espertar neles aptitudes artísticas. E as imaxes que tomaron non só revelan talento e observación, reflicten tamén que **a arte é unha forza inmensamente liberadora e fortalecedora**, que só ficaba adormecida nos protagonistas, como se xa estivese a fornecer dabondo...

**OS NENOS DO BARRIO VERMELLO: Oscar ao Mellor Documental no ano 2005**

### REFLEXIÓNS:

1. Por que a xente deste arrabalde non quere saír nas fotos?
2. Que fan as nenas e os nenos nas casas do bordel? Cando **as súas nais traballan**, onde marchan eles?
3. Que persegue **Zana** ao levalos ao **zoo** e ao **mar**?

4. **Suchitra** recibe **presións** da súa familia **para que se prostitúa**. Ela non quere; porén, que di cando lle preguntan se **sabe doutra solución?**

5. Que problemas ten **Zana** ao procurar un **internado para os nenos e nenas?**

6. Por que lles fan a proba do **VIH** aos protagonistas?

7. Por que lles custa tanto obter o pasaporte para **Avijit?**

8. **Como valorades o remate desta historia?**

9. Non sempre haberá unha Zana que **loite por liberar as nenas** do barrio vermello. Daquela, **habería unha solución global ás súas situacións?**

Salienta o que máis valoraches desta obra.

---

---

---

---

---

Risca a puntuación que lle dás:

0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10

As túas suxestións cinéfilas:

---

---

---



## UNIDADE DIDÁCTICA

A escola cumpre unha función social determinante na formación integral das persoas, nun intre especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste sentido, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. **A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo.**



Así pois, a escola será inclusiva na **eliminación da transfobia** e, polo tanto, **un espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito «trans» non cause rexeitamento.** Son realidades que se viven de maneira cotiá como **un aspecto máis da diversidade humana**, e tamén como una oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe de toda a comunidade educativa, como parte importante da sociedade.

Cómpre subliñar que:

- A condición de **persoa transexual** non é deliberada ou caprichosa.
- Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento.
- **É unha condición coa que se nace**, que se pode manifestar **a partir dos dous anos e medio**, pola que o **sexo sentido ou psicolóxico** (que determina a identidade) non coincide co **sexo fisiolóxico ou aparente.**

Moitos **menores cunha identidade de xénero diferente da asignada no nacemento** xa desde a primeira nenez sofren malestar intenso **co seu corpo e coa forma na que son percibidos pola súa familia e ambiente.** Pronto verbalizan «esta preocupación». Outros **prefiren agochalo** ante a sospeita ou certeza de que a súa contorna non lles facilita esta expresión.

Do mesmo xeito, as necesidades de apoio e acompañamento, tanto educativas coma organizativas, serán diferentes en cada persoa.

A manifestación en menores de **desconformidade coa súa identidade de xénero** pode supor: **vulnerabilidade**, **rexeitamento social** ou mesmo **acoso** por parte dos compañeiros e compañeiras.

1. Estas situacións poden derivar en **abandono escolar temperán**, coa conseguinte **repercusión negativa no futuro persoal e profesional** para un **colectivo** de persoas que son xa **vulnerables na exposición ao mercado laboral**.

2. As súas dificultades aconsellan accións para o seu desenvolvemento integral no eido educativo, contando con TODOS/AS (familias, estudantado, profesorado e outros profesionais do ámbito da infancia e a mocidade).

A educación afectivo-sexual é imprescindible para toda a comunidade educativa co fin de:

1. **Favorecer a aprendizaxe de valores baseados no respecto ás diferenzas e tamén na tolerancia á sexualidade.**
2. **Impedir situacións** incómodas, humillantes ou **transfóbicas**.\*

No capítulo 8 do filme *XXY* acontecen dúas secuencias ben distintas. A primeira: na conversa que manteñen Álvaro e o seu pai —o afamado cirurxián—. Esencialmente transcorre así: o pai vai onda o fillo, fóra da casa. Álvaro quéntase ao lume mentres bebe. Velaí o diálogo:

*Padre: - Te vas a enfermar. ¿Puedo? (se sienta a su lado).*  
*Álvaro: - Sí.*  
*Álvaro: - ¿Yo te caigo bien a vos?*  
*Padre: - Sos mi hijo.*  
*Álvaro: - ¡Estamos hablando. Hablemos en serio!*  
*Padre: - Más o menos.*  
*Padre: - ¿Y yo? ¿Te caigo bien? ¿Te gusta lo que hago?*  
*Álvaro: - Yo daría todo por tener tu talento... ¿Y yo? ¿Tengo talento?*  
*Padre: - No (se lo dice tajantemente, sin tacto emocional hacia su propio hijo. Inexpresivo facialmente en el mejor de los casos).*  
*Álvaro: - Pero... ¿Alguna vez creíste que...*  
*Padre: - No (no le deja acabar la pregunta).*  
*Álvaro: - ¡No entiendo por qué. Antes no era así!*  
*Padre: - ¿Así qué?*  
*Álvaro: - ¿Cuándo dejé de interesar?*  
*Padre: - No fue una buena idea venir aquí (le sale con una evasiva)... Tu mamá tiene razón: ¡nos vamos!*  
*Álvaro: - ¡No! ¡Yo no me puedo ir todavía...!*  
*Padre: - ¿Por qué? ¿Te gusta Álex? ... Igual me das una alegría. Tenía miedo que fueras puto.*

Pola contra, a conversa final entre Álex e o seu pai, permítenos apreciar outro tipo de relación paterno-filial. Transcorre doutro xeito:



- Álex: ¿Qué hacés?
- Padre: Te cuido (la mira protectoramente).
- Álex: No me vas a poder cuidar siempre.
- Padre: Hasta que puedas elegir.
- Álex: ¿Qué?
- Padre: Lo que quieras (le muestra apoyo incondicional).
- Álex: ¿Y si no hay nada que elegir?
- Padre: ¿Te lastimaron?
- Álex: No. ¿Hiciste la denuncia?
- Padre: No. Es una decisión tuya. Si quieres la hacemos. Pero es tu decisión (mientras, corre una lágrima por el rostro de Álex). Se va a enterar todo el mundo.
- Álex: ¡Qué se enteren!

8

Paréceche que o pai de Álex e mais o pai de Álvaro aceptan e queren, respectivamente, os seus fillos?

---

Sinala que formas de agresións sofre Álex?

---

---

Que **personaxes** da historia resultan **intolerantes** coa súa condición?

---

---

Proceden dos mesmos ambientes?

---

---

Cres que todas as persoas con estudos superiores **aceptan este feito**?

---

Pensas que nesta toma de conciencia tamén hai que traballar actitudes positivas? \_\_\_\_\_ Cales? \_\_\_\_\_

Lembra: A **IDENTIDADE DE XÉNERO** É VIVIDA DUN **XEITO ÚNICO E INDIVIDUALIZADO** (NON PODEMOS FALAR DESTA CUESTIÓN DESDE A HOMOXENEIDADE).